

COMUNICADO Nº 335/23

15 DE DECEMBRO DE 2023

CANCELACIÓN DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FGA DO 17 DE DECEMBRO

A Xunta Directiva da Federación Galega de Automobilismo vese na obriga de suspender a Asemblea Xeral Ordinaria convocada para o domingo 17 de decembro en Lalín, debido a moción de censura presentada o pasado 13 de decembro por D. Alfonso García Eiriz, admitida a trámite no día de hoxe pola Xunta Electoral.

O principal motivo desta suspensión non é outro que evitar entorpecer o desempeño dunha posible nova directiva no caso de que a moción de censura prospere, evitando provocar unha situación coma a que o Presidente Antonio Rodríguez Troitiño e o seu grupo de traballo se atoparon cando accederon á FGA no mes de xaneiro de 2023.

En todo caso, a Xunta Directiva da FGA continúa traballando como ata agora, en todos os ámbitos, para minimizar os danos e os atrasos que a moción de censura está xa a provocar a organizadores, deportistas e oficiais, ao contrario do manifestado polo señor Eiriz.

Unha vez celebrada a Asemblea Xeral Extraordinaria e superada esa xornada, convocarase, inmediatamente, a Asemblea Xeral Ordinaria suspendida, e comunicaranse todas as novidades que están xa preparadas para a nova tempada, que certificarán o esforzo realizado polo equipo comandado por Antonio Rodríguez Troitiño.